

## **BASES V CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DAS VIVENDAS DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS**

### **1.OBXECTIVO**

O Concello de San Cibrao das Viñas convoca as presentes bases do V Concurso de decoración das vivendas situadas no noso Concello neste Nadal, co obxectivo de fomentar a decoración do Municipio para o disfrute de todos os veciños.

Como xa ven a ser tradición, coa chegada do Nadal os veciños e veciñas de San Cibrao, adornan as súas vivendas como manifestación de alegría pola chegada destas Festas, ó que supón unha expresión da creatividade persoal e colectiva.

### **2. PARTICIPANTES:**

Poderán participar neste concurso, todas aquelas persoas que realicen a súa montaxe no seu balcón, ventá, porta, fachada da casa ou xardín..., na parte que dea a vía pública e ten que ser o domicilio da persoa que se presenta a este concurso.

O Concello de San Cibrao das Viñas poderá utilizar as fotografías presentadas no concurso para publicacións de diversos formatos.

Este concurso limitase ó Concello de San Cibrao das Viñas

### **3. COMO PARTICIPAR**

Para participar no concurso deberán enviarse, polo menos unha fotografía da decoración por concursante, ó correo electrónico [cultura@sancibrao.es](mailto:cultura@sancibrao.es).

Calquera dúbida en relación ás bases, pódense solucionar no teléfono 988381034.

Poderán participar neste Concurso todos os veciños do Municipio que o desexen. Será unha participación por vivenda e persoa.

O motivo e temática da decoración da fachada, balcón, ventá .....será única e exclusivamente o Nadal.

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



Todas as fotos das decoracións que envíen deben contar con:

- a) Indicar o Concurso no que participa
- b) Título (a casa, balcón, ventá, fachada debe estar en San Cibrao das Viñas)
- c) Nome e apelidos da persoa que a envía
- d) Número de teléfono de contacto
- e) Lugar onde se habita actualmente
- f) D.N.I (fotografía ou fotocopia)
- g) Estar empadroado, os menores de 18 anos requiriráselles autorización outorgada polo seu pai, nai ou titor legal.
- h) A fotografía ten que ser actual, orixinal e inédita.

O prazo de admisión finaliza o martes día 07 de xaneiro de 2025 ás 23:59 h.

Os participantes que non cumpran con calquera dos requisitos indicados non entrarán no concurso

#### **4. TEMA**

Decoración de Nadal e iluminación de fachadas, balcóns exteriores, ventás que dean á vía pública.

#### **5. FALLO DO XURADO:**

A composición do xurado será a seguinte:

Presidenta: - Alcaldesa do Concello ou persoa que a substitúa

Vogais: - Concelleira da Área de Cultura e da Área de Muller do Concello de San Cibrao das Viñas, dous membros da comisión organizadora do Concurso e unha persoa designada entre os veciños do Concello.

Secretario: Actuará como secretario un dos membros da comisión organizadora.



Os criterios de avaliación do xurado serán a creatividade, orixinalidade, deseño, iluminación, tamén se valorarán os adornos de nadal feitos a man e con material reciclado.

<i>CREATIVIDADE</i>	<i>15 Puntos</i>	<i>15 %</i>
<i>ORIXINALIDADE</i>	<i>15 Puntos</i>	<i>15 %</i>
<i>DESEÑO</i>	<i>15 Puntos</i>	<i>15 %</i>
<i>ILUMINACIÓN</i>	<i>15 Puntos</i>	<i>15 %</i>
<i>ADORNOS FEITOS A MAN</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>ADORNOS DE MATERIAL RECICLADO</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>TOTAL</i>	<i>100 Puntos</i>	<i>100%</i>

A selección dos gañadores será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable. A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do mesmo. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases e reservase o dereito de modificar algún dos anteriores puntos por causas de forza maior.

No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

O participante, polo mero feito de participar, acepta integramente as presentes bases.

Calquera circunstancia non recollida nas bases será resolta pola organización

O fallo do xurado realizarase o 23 de xaneiro de 2025 e farase público sobre as 20:00 horas do día seguinte.

## **6.- PREMIOS**

### **Concederanse os seguinte catro premios:**

- 1º premio..... 250 euros
- 2º premio.....200 euros
- 3º premio.....150 euros
- 4º premio.....100 euros

San Cibrao das Viñas, a la fecha de la firma electrónica

Concelleira da Área de Cultura e da Área de Muller,

Ana Mª Moreiras Vázquez

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

